

# O éxito colectivo

Boa opción para agasallar

PILAR PONTE

É un pracer ter nas mans unha aventura en libro–disco como *A caza do ghazafello*, un éxito colectivo froito da colaboración de Denis M. (texto), Marcos Paino (música), Sara López (ilustracións), Orquestra das Ánimas (música) e algunhas das voces máis representativas do panorama musical galego (Ugia Pedreira – Antón Reixa, Xurxo Souto, Pulpiño Viascón – García MC – Ico – Manolo Maseda).

Non agarden un disco como ambientación da obra literaria; aquí a música forma parte da trama, faina avanzar, explícaa e ponlle cabo a través de diversos xéneros e ademais adquire entidade independente, convertida nun CD que se escoitará e bailarás tamén despois de rematada a lectura.

Lois, o protagonista, un rapaz de doce anos que sofre bulling e que se refuxia na lectura como vía de escape, decide cambiar a súa situación e participar nunha excursión nocturna pola fraga. Deste xeito comeza unha obra singular na que se establece un diálogo directo co lector a través dun prologuista que en termos de camaradaría o interpela directamente e que lle fai chiscadelas ao longo da obra.

Para aqueles que se laian da carestía dos produtos culturais, velaquí unha aventura en libro–disco cun prezo moito mais que razoable que o converte nunha magnífica opción para agasallar.

*M, Denis/Paino, Marcos, A caza do ghazafello, Ed. Xerais, Vigo, 2011, PVP15 €*

